

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 8 DE XULLO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro ao persoal do dispositivo de vacinación.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Meaño de dous viarios pertencentes á Deputación Provincial de Pontevedra.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Miño para acometer a execución das obras de reforma e ampliación do Club Náutico, cun investimento de douscentos sesenta e un mil douscentos vinte e oito euros con cincuenta e cinco céntimos (261.228,55 €) IVE incluído.
- Acordo polo que se ordena á Asesoría Xurídica Xeral proceder á comparecencia da Xunta de Galicia e presentación de alegacións de oposición no recurso de inconstitucionalidade nº 2901-2021, promovido por cincuenta deputados do grupo parlamentario Vox no Congreso en relación co artigo único, número cinco, da Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, na redacción que dá ao número 2 do artigo 38 da Lei 8/2008.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a Deputación de Ourense e os concellos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cualedro, Monterrei, Oímbra, Verín, Laza, Castrelo do Val, Vilardevós, Riós, A Gudiña, A Mezquita e a Fundación Juana de Vega para elaborar o plan estratéxico de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial da área suroriental de Ourense para a mellora da resiliencia do territorio fronte ao lume e a súa dinamización turística, por importe total de cento corenta mil euros (140.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do proxecto de Decreto polo que se crea a Comisión de Calidade do Aire de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Coirós para o saneamento das parroquias da Agra-Figueiras, Colantres e lugar de Queirís, Coirós (A Coruña), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de oitocentos cincuenta mil euros (850.000 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación para a realización do servizo por lotes, para a impartición de accións formativas nos centros de formación profesional para o emprego dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade, por un importe de licitación de catro millóns cento sesenta e sete mil seiscentos corenta e dous euros con corenta e dous céntimos (4.167.642,42 €) e un valor estimado de oito millóns trescentos trinta e cinco mil douscentos oitenta e catro euros con oitenta e catro céntimos (8.335.284,84 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita á regulación harmonizada, para o servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia nos Concellos de Lobios, Palas de Rei e Parada de Sil

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(expediente 64/2021). Importe de licitación: dous millóns cento catro mil seiscientos sesenta e tres euros (2.104.663,00€). Valor estimado: seis millóns setenta e catro mil seis euros con corenta céntimos (6.074.006,40€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a concesión de axudas a través do programa de Renove Electrodomésticos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre a Rede de Bibliotecas de Galicia. Evolución 2017-2021.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre os plans de mellora, incorporación de mozos e pequenas explotacións.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Informe sobre a resolución da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o fomento do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no sector da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, tramitado como expediente anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO OUTORGA A MEDALLA DE OURO DE GALICIA 2021 AO PERSOAL DO DISPOSITIVO DE VACINACIÓN

Os profesionais que están traballando para saír desta situación de pandemia a través da vacinación merecen un recoñecemento polo seu labor profesional, rigoroso, sistemático e salientable desde o punto de vista de éxito loxístico e de organización

O Goberno galego aprobou hoxe outorgar a Medalla de Ouro de Galicia 2021 ao persoal do dispositivo de vacinación. Despois de que en 2020 foran honrados os profesionais da sanidade galega implicados na atención aos pacientes covid-19, os profesionais que están traballando para saír desta situación de pandemia a través da vacinación merecen un recoñecemento polo seu labor profesional, rigoroso, sistemático e salientable desde o punto de vista de éxito loxístico e de organización.

Galicia é a día de hoxe a segunda comunidade autónoma con máis porcentaxe de poboación vacinada cunha dose, superando xa o 70%; e tamén ocupa a segunda posición con máis poboación inmunizada, xa que o 54,1% dos galegos xa contan con pauta completa.

Este recoñecemento enxalza o traballo dos equipos especiais de enfermaría que dirixen e coordinan o proceso; os equipos de citación, que son claves nun sistema tan complexo e novidoso; o persoal de enfermaría, de xestión e celador que organizou o sistema nos distintos puntos de vacinación; e o persoal sanitario implicado na farmacovixilancia e nos posibles efectos adversos.

A maiores, tamén se salienta o labor do persoal encargado de deseñar os sistemas informáticos e dixitais para organizar a campaña de citación masiva, os sistemas de rexistro e a expedición do certificado covid; os encargados da loxística e do reparto das vacinas; os traballadores dos servizos de admisión e de resolución de incidencias; profesionais da microbioloxía e investigadores; empregados dos recintos que se usan como puntos de vacinación masiva, e persoas que colaboran na organización do proceso, como policías ou voluntarios de Protección Civil.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MEAÑO DO TREITO ANTIGO DA VÍA PROVINCIAL QUE UNE A VILA CON DENA E O TRAMO DA EP-9304 DE COUTO A EMBARCADOIRO

- O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a súa conservación e mantemento.
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello de Meaño do treito antigo da estrada provincial que comunica esta vila con Dena e do treito da EP-9304 que une Couto e Embarcadoiro.

O Concello de Meaño e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello de Meaño e emitiu informe favorable para a transferencia do treito antigo da marxe dereita da estrada provincial EP-9303 Meaño–Dena, de 138 metros de lonxitude, situado entre os puntos quilométricos 0+680 e 0+750; así como do tramo da EP-9304 Couto–Embarcadoiro, de 219 metros de lonxitude, entre os puntos quilométricos 0 e 0+219.

A transferencia a prol do Concello de Meaño tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO CLUB NÁUTICO DE MIÑO POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 260.000 EUROS

O resultado será un conxunto unificado nun único edificio, pero dividido en tres volumes claramente diferenciados polas súas alturas

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Miño para a reforma e ampliación do Club Náutico de Miño. En total, o convenio contará cun importe de máis de 260.000 euros (261.228,55 euros) dos cales a Secretaría Xeral para o Deporte achegará o 66 % do orzamento total (172.800 euros nas anualidades de 2021 e 2022), mentres que o Concello de Miño achegará o importe restante (88.428,55 euros nas mesmas anualidades).

O proxecto ten por obxecto a demolición da parte alta do edificio de almacén, reducindo o impacto visual da edificación; ampliación do edificio de ximnasio cara á zona norte; redistribución dos espazos interiores para conseguir novos espazos necesarios e uns novos vestiarios e aseos, que serán accesibles; ademais proxéctase unha nova edificación, que serve de unión entre as edificacións xa existentes, adicada a carga e descarga. O resultado será un conxunto unificado nun único edificio, pero dividido en tres volumes claramente diferenciados polas súas alturas.

O Club Náutico de Miño esta dedicado á promoción dos deportes náuticos. Dedicase á práctica do piragüismo, vela e windsurf. As instalacións pertencen ao Concello de Miño e están situadas no porto. Os socios poden desfrutar destas instalacións e practicar os deportes náuticos que ofrece o club nos equipos de competición ou individualmente.

A Secretaría Xeral para o Deporte afianza así o seu compromiso coas infraestruturas deportivas. Dos 32.474.216 euros con que conta en 2021 (un 28,5 % máis que en 2020), 9,15 millóns serán destinados a obras de creación e reforma de infraestrutura deportiva, un 118 % máis que en 2020 cando se destinou ao mesmo obxecto 4,2 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA PRESENTAR ALEGACIÓNS AO RECURSO QUE CUESTIONA A CONSTITUCIONALIDADE DA LEI DE SAÚDE

O Goberno galego entende que era procedente que unha norma legal regulase as medidas sanitarias e cre que esa regulación non só non vulnera as competencias estatais, senón que “denota a lealdade da lei galega co ordenamento estatal”

O Consello da Xunta acordou hoxe que o Goberno galego compareza perante o recurso que cuestiona a constitucionalidade da Lei de saúde de Galicia e que presente alegacións ao respecto, ao entender procedente unha norma legal para regular as medidas sanitarias por mor da pandemia e crer que esa regulación non vulnera as competencias estatais.

Con este acordo do Consello da Xunta, a Asesoría Xurídica Xeral procederá a comparecer e a presentar alegacións de oposición ao recurso de inconstitucionalidade promovido por 50 deputados do grupo parlamentario Vox no Congreso en relación co artigo único, número cinco da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, na redacción que dá ao número 2 do artigo da Lei 8/2008.

O recurso cuestiona o artigo, principalmente, por contravir a regulación do estado de alarma, as competencias estatais en materia de sanidade, a reserva da lei orgánica e a vulneración dos artigos 15, 17, 19 e 21 da Constitución española, así como por entender que acomete unha reprodución non permitida das normas estatais.

O Goberno galego entende que era procedente que unha norma legal regulase as medidas sanitarias, delimitando os seus contornos e requisitos para a súa adopción, outorgando seguridade xurídica ao respecto e dentro do marco permitido pola lei orgánica que regula a cuestión.

A regulación galega, ao entender da Xunta, non vulnera as competencias estatais nin os artigos 15, 17, 19, e 21 da Constitución española porque o artigo impugnado “non fai senón concretar as medidas que, partindo do recollido na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden adoptarse polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública e en perfecta sintonía coas competencias estatais na materia”. Nese sentido, “o que denota é a lealdade da lei galega co ordenamento estatal”, sostén a Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 140.000 EUROS A UN PLAN ESTRATÉGICO PARA DINAMIZAR E RECUPERAR O OURENSE SURORIENTAL

- Trátase do primeiro proxecto piloto no marco da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia que está a iniciar os seus primeiros pasos
- A Fundación Juana de Vega elaborará unha folla de ruta estratéxica orientada á valorización deste territorio que contribúa ao seu desenvolvemento turístico sustentable
- Executarase a través dun convenio entre a Vicepresidencia Primeira, Consellería do Medio, a Deputación de Ourense e os dez concellos deste territorio

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo para a elaboración dun plan estratéxico de actuación integral por valor de 140.000 euros que levará adiante a Fundación Juana de Vega co obxectivo de facer unha actuación integral de recuperación, dinamización e valorización territorial da área suroriental da provincia de Ourense. Así, trátase do primeiro proxecto piloto no marco da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia que está a iniciar os seus primeiros pasos.

O plan establecerá unha folla de ruta que permita a este territorio mellorar a súa resiliencia fronte aos lumes ao tempo que se fixa poboación no territorio e se fomenta a súa dinamización turística.

Estes tres eixes de actuación fan precisa a implicación e a coordinación de diferentes administracións públicas que se materializará a través dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira da Xunta, a Consellería do Medio Rural, a Deputación de Ourense, os dez concellos deste territorio (Cualedro, Monterrei, Oímbra, Verín, Laza, Castrelo do Val, Vilardevós, Riós A Gudiña e A Mezquita) e a Fundación Juana de Vega.

Esta última será a encargada de desenvolver as actuacións contidas neste plan mentres que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural achegará 75.000 euros, Turismo de Galicia 30.000 euros e a Deputación de Ourense outros 30.000 euros, todos eles en dúas anualidades (2021-2022), que se completan coa achega de 5.000 euros que fará en 2022 a Fundación Juana de Vega.

En canto ao territorio sobre o que se vai actuar, trátase dunha zona especialmente afectada polos incendios forestais e polo despoboamento, unha realidade que fai preciso establecer unha planificación que incremente as súas posibilidades de resiliencia fronte aos lumes a través dunha xestión territorial integrada orientada á anticipación dos incendios e á recuperación e posta en produción da terra agraria para a creación de emprego no sector primario, a través da posta en marcha dos instrumentos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mobilización previstos na citada Lei de recuperación da terra. Ademais, tamén se procura reducir o impacto paisaxístico e fomentar un desenvolvemento sustentable do territorio.

O convenio constitúese así como o mellor instrumento para coordinar estas actuacións que favorezan a fixación de poboación durante os vindeiros anos, nun escenario de cambio climático no que debe primarse o desenvolvemento de proxectos vinculados ao territorio, a bioeconomía e a dinamización turística.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DÁ UN PASO MÁIS PARA MANTER A BOA CALIDADE DO AIRE COA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN QUE POTENCIARÁ O COMPROMISO DA COMUNIDADE

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá o inicio da tramitación do Decreto polo que se crea esta entidade, que tamén busca aumentar a percepción cidadá
- Ábrese un espazo que actuará como plataforma de intercambio de información e de comunicación en que estarán integradas administracións, empresas, sector académico e cidadanía

Galicia dá un paso máis para manter a boa calidade do aire coa creación dunha comisión que potenciará o compromiso da Comunidade e co obxectivo de promover actuacións que fixen as condicións máis óptimas deste elemento atmosférico.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao inicio da tramitación do proxecto de Decreto polo que se crea a Comisión de calidade do aire de Galicia, que xa foi sometido a consulta pública previa e, polo tanto, se tramitará ao longo dos vindeiros meses.

A creación desta entidade é un esforzo máis do Goberno galego no mantemento dunha calidade do aire axeitada na Comunidade, unha mellora que terá un efecto positivo na saúde das persoas e na preservación dos nosos ecosistemas.

Neste sentido, a Xunta é consciente de que para acadar este reto é preciso fomentar o intercambio de información e de ideas que faciliten a comprensión por parte da cidadanía, dos efectos da contaminación atmosférica, así como das formas para melloralas.

Deste xeito, a Comisión poderá constituír grupos técnicos de traballo por sectores ou temas, permanentes ou específicos, e con representación —con natureza de vogais— dos departamentos con competencias en calidade ambiental, patrimonio natural, medio rural, mobilidade e xestión de emerxencias.

Tamén estarán representados os concellos galegos, ao sumarse dous vogais procedentes da Administración local co obxectivo de coñecer a opinión e contar coa participación dos distintos municipios: un vogal para os de máis de 50.000 habitantes e outro para os de menos de 50.000. Así mesmo, tamén se computará a voz dos expertos na materia das tres universidades galegas e da sociedade civil, que contará con dous representantes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Grazas ao impulso desta comisión, ábrese un espazo que actuará como plataforma de intercambio de información e de comunicación en que estarán integradas todas as partes implicadas na mellora da calidade do aire: administracións, empresas, sector académico e cidadanía —a través dos colectivos sociais—.

Tamén recolle a constitución dunha comisión permanente para actuar con dilixencia e axilidade ante un episodio de contaminación atmosférica, segundo un protocolo de actuación.

Cómpre ter en conta que a Axencia Europea de Medio Ambiente establece un índice de calidade do aire, que Galicia ten adaptado como primeiro paso para considerar a contaminación atmosférica como un elemento determinante para a saúde das persoas. Asemade, esta comisión é un paso máis de cara ao cumprimento coa liña 8 do Pacto Verde Europeo, que aspira a unha contaminación cero para unha contorna sen sustancias tóxicas.

Calidade do aire do ano 2020

Segundo os datos de concentración de contaminantes no aire ambiente rexistrados polos analizadores automáticos das estacións da rede de calidade do aire —un total de 48—, Galicia dispón dunha boa calidade do aire tanto nas cidades, como nas vilas e nas zonas rurais.

O Consello tamén coñeceu esta mañá o Informe da calidade do aire en Galicia 2020, en que cómpre salientar que os datos rexistrados o pasado ano tamén poñen de manifesto a influencia das restricións derivadas da pandemia da COVID-19 na calidade do aire, e sobre todo a influencia directa do tráfico nas cidades.

Os datos de 2020 mostran uns niveis de contaminación inferiores respecto aos do ano anterior para unha materia relacionada directamente co tráfico, como é o dióxido de nitróxeno (NO₂). No pasado ano observouse un importante descenso en todas as estacións no mes de abril —o período en que se deron a restricións máis severas— e un aumento destes niveis nos meses de setembro e novembro, cando se retomou a mobilidade habitual nas vilas e cidades.

Galicia mantén desde hai anos unha boa calidade do aire e conta cun dos mellores sistemas de control e vixilancia de toda España, grazas a un proceso continuo de renovación e mellora da súa rede.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todas as accións da Xunta nesta dirección van coordinadas coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e coa Estratexia galega de economía circular, aprobadas a finais do ano pasado e que prevén moitas medidas cunha influencia directa ou indirecta sobre a calidade do aire.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE COIRÓS PARA A AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO CUN INVESTIMENTO DE 850.000 EUROS

- Executaranse 16 novos tramos de colectores e unha estación de bombeo para sanear os núcleos de Agra-Figueiras en Santa Mariña de Lesa e de Colantres e Queirís, conectando estas novas redes de saneamento coas xa existentes
- A Xunta achegará o 80 % do orzamento, 680.000 euros, e executará as obras, mentres o Concello de Coirós contribuirá co 20 % restante, achegando 170.000 €
- Os traballos teñen un prazo de execución de oito meses e serán financiados con fondos europeos do programa Feder de resposta fronte á pandemia
- As intervencións darán servizo a unha poboación total futura de 509 habitantes
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración para continuar mellorando a calidade da auga e da vida da poboación do medio rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Coirós para a ampliación da rede de saneamento do municipio coruñés, cun investimento de 850.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80 %, achegando 680.000 euros. O Concello de Coirós contribuirá ao financiamento do 20 % restante, destinando 170.000 euros.

Unha vez autorizado polo Executivo autonómico e asinado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, que teñen un prazo de execución de oito meses. A actuación será financiada pola Unión Europea, no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

A entidade local asume tamén a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Actuacións que se executarán

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A poboación en todo o termo municipal de Coirós atópase dispersa en pequenos núcleos. Na actualidade existe unha rede de saneamento en Agra-Figueiras, Colantres e Queirís que non cobre a totalidade dos núcleos, limitándose, esencialmente, á marxe esquerda da estrada N-VI en sentido A Coruña.

Ademais, conta con estacións de depuración de augas residuais nos núcleos de Colantres e de Queirís, onde se conectarán os novos colectores deses núcleos; así como cunha terceira depuradora de augas residuais no núcleo de Merille á cal se conectará a rede de saneamento de Agra-Figueiras.

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, desde Augas de Galicia executaranse as obras necesarias para sanear os núcleos de Agra-Figueiras en Santa Mariña de Lesa, e de Colantres e Queirís, na parroquia de San Salvador de Colantres, conectando estas novas redes de saneamento coas xa existentes.

A intervención proxectada céntrase na ampliación da rede de saneamento en Coirós, para o que se prevé a execución de 16 novos tramos de colectores, con diámetro 250 mm. Tamén se prevé a construción dunha estación de bombeo para recoller e impulsar as augas residuais urbanas de Agra-Figueiras.

Con estas obras darase servizo a unha poboación total futura de 509 habitantes no ano horizonte 2043.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos de saneamento, depuración e abastecemento, e continuar mellorando a calidade de vida da poboación galega no medio rural.

A continuación preséntase a planta das actuacións previstas extraída do proxecto construtivo:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A FORMACIÓN PARA DESEMPREGADOS QUE INCLUIRÁ 19.045 PRAZAS A TRAVÉS DE 1.270 CURSOS E UN INVESTIMENTO DE 48,5M€ ATA 2022

- O Consello da Xunta informa hoxe do programa que se impartirá nos 12 centros de formación para o emprego dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade ou a través do novo Campus Virtual da Administración autonómica
- Ofertaranse 2.445 prazas a través de 163 cursos e un investimento de 4,1 millóns que se engade á formación que se impartirá nas entidades galegas acreditadas, que inclúe, cun orzamento de 44,2 millóns, un total de 1.107 cursos para 16.600 alumnos
- As accións formativas que se realizarán nos centros públicos encádranse en 17 especialidades, dúas novas nesta edición: competencias clave e idiomas

A Xunta vén de ampliar a oferta de formación para persoas desempregadas con 2.445 novas prazas para os próximos dous anos a través de 163 cursos (un 28,3 % máis que a edición anterior) e un investimento de 4,1 millóns de euros, que se suma aos cursos para desempregados que se impartirán tamén ata 2022 en entidades galegas acreditadas para a impartición de formación para o emprego. Así, en total, a Consellería de Emprego e Igualdade investirá ata 2022, 48,5 millóns de euros para desenvolver 1.270 cursos dirixidos a 19.045 alumnos e alumnas.

A oferta formativa, de que se informou hoxe no Consello da Xunta, e que inclúe un incremento no orzamento do 15,3 %, impartirase nos doce centros de formación para o emprego dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade (emprázanse en Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Viveiro, Ourense, Vigo, A Coruña, Ames, Negreira, Melide, Monforte e Bueu) ou a través do novo Campus Virtual da Xunta. En global daranse 74.703 horas de docencia co obxectivo de incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas. Cada acción formativa contará cun máximo de 15 alumnos e alumnas.

Os 163 cursos, que comezarán en setembro, agrúpanse en 17 familias profesionais das cales dúas son novidade nesta edición: a formación complementaria en competencias clave (lingua galega, castelá, inglés e matemáticas) e formación en idiomas. As 15 restantes céntrase en administración e xestión, especialidades agrarias, electricidade e electrónica, enerxía e auga, fabricación mecánica, hostalaría e turismo, industrias extractivas, informática e comunicacións, instalación e mantemento, imaxe persoal, madeira, moble e cortiza, seguridade e medio ambiente, servizos socioculturais, atención social e de servizos ao consumidor e transporte e mantemento de vehículos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través destas accións formativas, os alumnos e alumnas poderán obter os certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado ou adquirir as competencias clave necesarias para poder optar a determinados cursos. A Xunta desde o ano 2011 mantén unha aposta decidida pola formación para o emprego certificable co obxectivo de acadar os maiores niveis de calidade e excelencia demandados actualmente.

A oferta formativa da Xunta está acorde coa demanda do tecido produtivo co fin de atender as necesidades reais do mercado de traballo e facilitar, deste modo, o acceso das persoas sen emprego ao mundo laboral.

Campus Virtual

Este ano, como novidade, como consecuencia da COVID-19, introdúcese a posibilidade de acceder aos cursos a través do Campus Virtual. De feito, como mínimo, un 10 % do total de horas de formación de cada familia profesional reservárase á modalidade en liña.

Galicia está a liderar o cambio na formación para o emprego coa creación do primeiro Campus Virtual de España para máis de 1.000 centros e 15.000 alumnos ao ano. Esta iniciativa pretende impartir en tempo real de xeito virtual a formación para o emprego dando resposta a unha demanda da sociedade e do tecido empresarial galego. A iniciativa busca acercar a formación a todo o territorio galego e a aqueles alumnos que teñen dificultades para desprazarse.

A cualificación para desempregados forma parte do Plan de formación para o emprego da Xunta dirixido a incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas. Inclúe, ademais, formación para ocupados cunha oferta de 500 cursos para cualificar a 5.000 traballadores e traballadoras a través dun investimento de 5,5 millóns de euros.

Ademais dos cursos de formación para desempregados e ocupados, a Consellería de Emprego e Igualdade conta con outros programas destinados a mellorar a cualificación dos galegos e galegas como son os obradoiros de emprego ou os programas integrados de emprego. En total, a Xunta destina este ano á formación para o emprego máis de 72M€ fronte aos 69,6M€ do ano 2020, é dicir, un 3,3 % máis (2,3M€ máis).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRATA 55 PRAZAS PÚBLICAS EN RESIDENCIAS NOS CONCELLOS DE LOBIOS, PARADA DE SIL E PALAS DE REI

- *Será a primeira vez que estes tres municipios se beneficien deste acordo, que conta cun investimento global de 6 millóns de euros*
- *Un total de 25 prazas serán para o concello ourensán, mentres que Palas de Rei contará con 20 e Parada de Sil con 10*

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe da contratación de 55 novas prazas públicas en residencias nos concellos de Lobios, Parada de Sil e Palas de Rei, que se licitarán por un período inicial de dous anos, prorrogables ata un máximo de cinco. O contrato entrará en vigor o 1 de novembro deste ano e o investimento, sumando prórrogas, ascenderá a 6 millóns de euros.

Estas 55 novas prazas distribuiranse da seguinte maneira: 25 serán para Lobios, 10 para Parada de Sil e 20 para Palas de Rei. Este novo acordo permitirá financiar este servizo por primeira vez nestes tres concellos do rural da provincia de Lugo e Ourense.

O Goberno galego busca garantir que as persoas maiores poidan recibir atención de calidade vivan onde vivan. Neste sentido, estas prazas permitirán responder ao envellecemento da poboación das zonas menos poboadas e ás características territoriais da nosa Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 20.000 FAMILIAS GALEGAS AFORRARÁN 560.000 EUROS NA SÚA FACTURA ENERXÉTICA GRAZAS ÁS AXUDAS DA XUNTA PARA A RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS

- O 42 % do orzamento do programa Renove Electrodomésticos destinarase a consumidores vulnerables e a tipoloxía máis demandada foi a das lavadoras, con máis da metade das solicitudes
- Xa se reservou máis do 80 % do crédito do Bono Enerxía Peme e Comercio –que mantén aberto o prazo ata o 6 de agosto–, con axudas para a mellora das instalacións enerxéticas dirixida a pequenas e medianas empresas e autónomos do comercio, hostalaría e actividades artístico-recreativas
- Ambas as dúas convocatorias da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, enmarcadas nos plans de reactivación do comercio de proximidade, axudarán a mitigar o impacto da suba da tarifa eléctrica, permitindo ademais mobilizar en Galicia investimentos público-privados que superan os 15 millóns de euros
- O Goberno galego realizará unha nova ampliación do Bono Social Eléctrico ata os 2,1M€

A Xunta de Galicia concederá un total de 20.272 axudas a través do programa Renove Electrodomésticos, o que permitirá a estes fogares galegos un aforro anual de 560.000 euros na súa factura enerxética.

A liña de axudas, aberta no mes de abril, esgotou o crédito en dous meses e reservou, ademais, o 42 % do seu orzamento (1,25M€) a un total de 4050 familias vulnerables. Deste xeito, a convocatoria cumpre o dobre obxectivo de axudar aos fogares a facer fronte á súa factura enerxética grazas a novos electrodomésticos máis eficientes e cun menor consumo; á vez que dinamiza a actividade comercial favorecendo unha mobilización de 10,5M€ e o mantemento de ao redor de 150 postos de traballo.

Por tipo de electrodomésticos, as tipoloxías máis demandadas foron as lavadoras (con máis da metade das solicitudes: 10.872), seguido de frigoríficos conxeladores (4468), placas de cociña (3848), lavalouzas (881) e conxeladores (203). En canto ás provincias, A Coruña atendeu 7180 solicitudes, Pontevedra 7039, Ourense 3055 e Lugo 2998.

Esta convocatoria da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación tamén busca un cambio cultural nas familias para avanzar na descarbonización da economía. Neste sentido, permitirá aforrar 4.050MWh/ano e un impacto equivalente na redución de CO2 ao de plantar 60.000 árbores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ampliación de prazo do Bono Enerxía Peme e Comercio

Por outra parte, a Xunta vén de ampliar outro dos programas que, xunto co Renove Electrodomésticos, se enmarca no plan de reactivación do comercio de proximidade: o Bono Enerxía Peme e Comercio. Así, os interesados terán o prazo aberto ata o 6 de agosto.

Ata o de agora, o programa xa reservou 2,6M€ do orzamento (máis do 80 %) a través de 640 solicitudes (312 do sector hostaleiro, 279 do comercio, 24 de actividades artísticas-recreativas e de entretemento e 25 doutros servizos).

Os apoios, de concorrencia non competitiva, terán unha intensidade do 80 % ata un máximo de 6000 euros por centro de traballo. Ademais, os beneficiarios poderán solicitar anticipos de ata o 50 % sen necesidade de presentar avais.

As axudas poden destinarse á mellora da envolvente a través de toldos ou láminas de control solar ou térmico; á renovación dos equipos de iluminación interior ou exterior; á mellora das instalacións eléctricas; á renovación do equipamento consumidor de enerxía como cafeteiras, lavalouzas, lavadoras ou secadoras, entre outros; así como equipos para a redución do consumo enerxético nas instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria. Tamén se poderá utilizar para sistemas domóticos e inmóticos que permitan xestionar a enerxía e o gasto de xeito máis eficiente.

No seu conxunto, o programa Renove Electrodomésticos e o Bono Enerxía Peme e Comercio permitirán unha mobilización de 15,5M€, aforros económicos anuais de 860.000 euros, aforros enerxéticos de 7.050MWh/ano, unha redución de CO2 equivalente a plantar 105.000 árbores, así como o mantemento de máis de 200 postos de traballo. Beneficiará a máis de 20.000 familias e 700 autónomos e pemes aos que axudará a mitigar o impacto da suba provocada pola nova tarifa eléctrica.

Axudas na factura eléctrica

O Goberno autonómico tamén ten previsto realizar unha nova ampliación do Bono Eléctrico Galego, pasando dos 1,6M€ aos 2,1M€. Este ano xa se levan concedidos 1,22M€ a un total de 3814 fogares. Deste xeito, a Xunta reafirma o seu compromiso coas familias máis desfavorecidas que non contan coa posibilidade de facer fronte ás súas facturas eléctricas e que a converte na única Comunidade que ten en marcha este mecanismo. Asegúrase, deste xeito, o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica, garantindo que non se produzan cortes no servizo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NÚMERO DE BIBLIOTECAS INTEGRADAS NA REDE PÚBLICA DE GALICIA MEDROU UN 10 % NO ÚLTIMO LUSTRO

- O Consello da Xunta informa sobre a actividade destes centros que suman máis de 300 en toda Galicia e ofrecen unha colección global de 7 millóns de documentos
- Inclúense tanto as xestionadas polo Goberno autonómico como as de titularidade municipal ou privada que colaboran cos obxectivos de mellora da rede
- O consumo de libro electrónico consolidouse especialmente no último ano, cando a plataforma de préstamo GaliciaLe incrementou a súa actividade un 200 %

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia medrou un 10 % no último lustro. Así se desprende do informe presentado hoxe no Consello da Xunta sobre o traballo destes centros, que suman un total de 304 e ofrecen unha colección global de 7 millóns de documentos. Inclúense tanto as xestionadas pola Xunta de Galicia como todas aquelas de titularidade municipal ou privada que se comprometeron, mediante convenio de colaboración, a cooperar cos obxectivos de mellora que se perseguen na rede.

En concreto, entre os anos 2017 e 2021 incorporáronse 21 bibliotecas municipais e as especializadas da Deputación Provincial de Ourense, a Agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos de Ourense, o Colexio Oficial de Médicos de Ourense, a Fundación Eugenio Granell e a Fundación para o fomento do coñecemento da construción naval e das actividades marítimas Exponav. Estas incorporacións trouxeron consigo que na actualidade todas as bibliotecas municipais que prestan servizo activo en Galicia se atopen xa integradas nesta Rede de Bibliotecas de Galicia.

A dixitalización e innovación das bibliotecas é outro dos aspectos salientables do último lustro. Destaca o impulso realizado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Amtega a través dun programa de xestión único para toda a rede, co que a día de hoxe contan 287 bibliotecas, das cales 262 son públicas e 25 especializadas. Trátase dun sistema que supón que todas elas teñan un carné único de lector, válido para todas as bibliotecas da rede, e contén tamén cun catálogo único.

Na actualidade o proceso de cobertura territorial deste sistema está avanzado, aínda que non rematou. Prevese continuar coa dotación ata acadar ao 100 % das bibliotecas activas neste momento e das de nova creación que se vaian poñendo en funcionamento.

No ámbito da dixitalización e da innovación tamén se menciona no informe como fito salientable a boa resposta do sistema de préstamo de libro electrónico, GaliciaLe, que incrementou o número de usuarios de 3.236 a 19.411 nos catálogos de galego e castelán.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o 2020 foi o ano da súa consolidación ao constituírse como un servizo capaz de atender as necesidades de lectura e de lecer da cidadanía durante o confinamento. En cifras, incrementouse o préstamo un 209 % no catálogo en galego e un 158 % no de castelán só en 2020.

Mellor planificación

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia avanzou tamén na súa planificación, coa creación dun primeiro mapa de bibliotecas públicas en 2016 que serviu como base do diagnóstico e das actuacións prioritarias. Nestes momentos, a Xunta de Galicia está ultimando un segundo Mapa de Bibliotecas coa intención de que se converta nunha útil ferramenta de cooperación coas administracións locais. O mapa porase á disposición dos concellos que amosarán a situación actual e permitirá facer diagnose de necesidades de servizo bibliotecario de cada municipio.

Máis axudas municipais

No caso das bibliotecas municipais incluídas na rede, o informe refírese ao incremento do apoio que a Xunta de Galicia leva a cabo través de catro liñas de axudas para favorecer tanto os servizos bibliotecarios municipais como os sectores da produción editorial, as librarías e o tecido empresarial da dinamización cultural en galego. En colaboración coas entidades locais fíxose un importante esforzo para a dinamización da lectura e este tipo de actividades incrementáronse un 20 %, pasando das 728 en 2017 ás preto de 900 en 2020.

No que se refire ás bibliotecas de xestión autonómica, o informe revela que nestes anos se experimentou tamén un aumento no número de visitantes e usuarios. Así, tendo en conta os datos anteriores á chegada da pandemia -que durante o confinamento supuxo o seu peche ao público- o número de visitantes a estes centros medrou un 10 % pasando dos 1,1 millóns en 2017 aos 1,3 millóns en 2019. Tamén se incrementou o número de usuarios de bibliotecas de xestión autonómica en Galicia- con carné de lectores-, neste caso nun 11 %, medrando dos 221.224 en 2017 ata os 245.626 de 2020.

Rede de Bibliotecas

A Rede de Bibliotecas de Galicia é un grupo coordinado de bibliotecas en que a Xunta inviste máis de 7 millóns de euros anuais e que comparten políticas bibliotecarias, recursos e servizos comúns. Está formada polas bibliotecas dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que inclúen á Biblioteca de Galicia así como as seis de xestión autonómica que se sitúan nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. A Rede tamén está formada polas bibliotecas de titularidade e xestión municipal, o grupo máis numeroso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na actualidade 219 concellos prestan servizo público de biblioteca e, destes, 31 contan con máis dun punto de servizo no seu territorio. Tamén están integradas as de titularidade e xestión privada, que na súa meirande parte son especializadas, e ademais, existen bibliotecas de especial interese para Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA 1.206 SUBVENCÍONS POR IMPORTE DE 43,25 M€ PARA A MELLORA DE EXPLOTACIÓNS E A INCORPORACIÓN DE MOZOS Á ACTIVIDADE AGROGANDEIRA

- O Consello da Xunta deu luz verde á próxima resolución da orde de subvencións da Consellería do Medio Rural correspondente a 2020 para a incorporación de mozos ao agro, a execución de plans de mellora e o desenvolvemento de pequenas explotacións
- Un total de 278 mozos poderán incorporarse á actividade agrogandeira este ano a través desta contribución
- Outras 715 persoas recibirán achegas para investir nas súas empresas agrarias por valor de 29,76 millóns de euros
- Ata 213 titulares de pequenas explotacións contan cunha liña específica pola que recibirán 15.000 euros cada un
- No período 2016-2020 o importe total aprobado nestas axudas supera os 253 millóns de euros en cinco convocatorias
- Con estas achegas, procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e o fomento do emprego no sector, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no rural

O Consello da Xunta vén de coñecer hoxe a próxima resolución da orde de axudas da Consellería do Medio Rural para apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas de agricultores mozos e para o desenvolvemento de pequenas explotacións e, unha vez analizados os datos dos beneficiarios, confírmase que Galicia mantén a súa aposta pola modernización do agro. Proba diso é que se aprobaron 1.206 expedientes na convocatoria de 2020 destas tres liñas por valor de 43,25 millóns de euros. Estas axudas están cofinanciadas nun 2,5 % pola Administración xeral do Estado, nun 22,5 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.

No caso dos investimentos en explotacións agrarias (máis coñecidos como plans de mellora), aprobáronse 715 solicitudes cun importe de 29,76 millóns de euros. Polo tanto, falamos dunha axuda media por expediente de 41.600 euros. Se analizamos as achegas aprobadas por orientación produtiva, destacan o vacún de leite e o de carne, que representan o 60,5 % e o 18 % respectivamente das resolucións aprobadas.

No punto destinado aos mozos, un total de 278 incorporáronse á actividade agraria grazas a estas subvencións. Todas as solicitudes que cumpriron os requisitos foron aprobadas cunha achega media superior aos 37.000 euros por beneficiario. En total,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

falamos de 10,30 millóns de euros cos que se garante o relevo xeracional no campo. Por sectores, unha vez máis, destaca o lácteo e o vacún de carne cun 35,6 % e un 20 % dos expedientes respectivamente.

Con respecto ás axudas específicas para pequenas explotacións, na convocatoria de 2020 beneficiaranse un total de 213 granxas cunha achega por beneficiario de 15.000 euros, sendo as mulleres as que máis solicitan este tipo de axuda. No caso desta liña, encabezan a repartición por orientación produtiva as explotacións de vacún de carne, que representan o 68,5 % dos expedientes aprobados, seguidas polo vacún de leite co 15 % dos expedientes. Respecto ao orzamento, a achega total ascende a 3,19 millóns de euros.

Balance 2016-2020

No actual período de programación 2014-2020, cómpre facer balance da xestión destas achegas no rural galego, pero hai que sinalar que as ditas subvencións comezaron a executarse no ano 2016 e están prorrogadas polo Parlamento Europeo ata decembro do ano 2022.

Neste senso, os datos relativos en canto á execución destas liñas de achegas nas cinco convocatorias son moi positivos, pois o importe total aprobado supera os 253 millóns de euros. Se temos en conta as orientacións produtivas dos expedientes aprobados, nas liñas de plans de mellora e incorporación de mozos destaca o vacún de leite, con 1.878 e 741 expedientes respectivamente. No caso da liña de pequenas explotacións, destaca o vacún de carne con 462 expedientes.

Se temos en conta a repartición por provincias, a de Lugo encabeza os expedientes aprobados seguida pola da Coruña, aglutinando entre ambas preto do 70 % dos expedientes aprobados no período 2016-2020. Por último, cabe sinalar que a incorporación de mulleres ten unha tendencia positiva.

Obxectivos

Esta é unha das ordes de axudas máis destacadas da Consellería do Medio Rural, tanto polo seu importe como polo número de beneficiarios. Con elas búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción co obxectivo de mellorar a competitividade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao mesmo tempo, procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e o fomento do emprego no sector agrario, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no medio rural.

Polo tanto, estas axudas teñen unha gran repercusión no campo galego porque implica un gran número de axentes que participan neste labor, desde as oficinas técnicas que elaboran os proxectos, ata os concellos que conceden as licenzas de obra e as pequenas pemes encargadas de realizar as obras contidas nos proxectos. Polo tanto, prodúcese un efecto multiplicador destas subvencións que dinamizan de maneira moi importante o medio rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DESTINA PRETO DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS A IMPULSAR MELLORAS NO SECTOR ACUÍCOLA, MAIORITARIAMENTE DO MEXILLÓN, E A INVESTIGACIÓN DOS CULTIVOS MARIÑOS

- A Xunta aproba este ano 92 axudas para investimentos produtivos que impulsen unha acuicultura sustentable por importe de máis de 4,7 millóns de euros das cales máis do 80 % corresponden ao sector bateeiro
- Estas actuacións para mellorar a produción do sector supoñen un desembolso de máis de 11 millóns de euros contando a parte achegada polas empresas beneficiarias
- O Executivo galego tamén apoia con preto de 900.000 euros seis proxectos de organismos científicos ou técnicos para fomentar o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no eido dos cultivos mariños
- As iniciativas aceptadas pretenden avanzar en eidos como a produción de semente de ameixa rubia e xaponesa en laboratorio, as técnicas de cultivo controlado de semente de mexillón e de dúas variedades de algas ou a investigación das patoloxías e das vacinas na produción de peixes como o rodaballo

O Consello da Xunta analizou hoxe dous informes sobre a resolución de sendas convocatorias de axudas no eido da acuicultura coas que o Executivo galego destina preto de 5,6 millóns de euros tanto a investimentos produtivos no sector -principalmente de empresas de produción de mexillón- como a investigacións coas que impulsar melloras tecnolóxicas, a innovación e a competitividade no eido dos cultivos mariños na comunidade.

O primeiro informe avalía a resolución da convocatoria de axudas de 2021 para mellorar a produción, a eficiencia enerxética e o labor das empresas acuícolas en que se aprobaron 92 solicitudes por un importe total de algo máis de 4,7 millóns de euros. Estes apoios, que están cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), cobren ata o 50 % do investimento que se realiza, polo que ao abeiro destas iniciativas está previsto mobilizar máis de 11 millóns de euros contando os fondos achegados polas empresas solicitantes.

Os potenciais beneficiarios destas achegas son bateeiros, confrarías de pescadores e acuicultores que promovan unha actividade sustentable, titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima que teñan as súas instalacións na comunidade. A maioría das solicitudes aprobadas pertencen a empresas dedicadas á produción de mexillón, un total de 74 das 92 aceptadas no marco

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desta convocatoria, máis do 80 % do total. En canto ao orzamento destinado a estas axudas, tamén preto do 70 % é para o sector bateiro, con máis de 3,2 millóns de euros dos 4,7 millóns de euros concedidos.

O obxectivo desta orde de axudas é fomentar unha acuicultura sustentable desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva. A través delas, a Consellería do Mar subvenciona actuacións para investimentos produtivos na acuicultura, para diversificar a produción e para modernizar as instalacións neste sector incluíndo a adquisición de equipos. Ao abeiro destas axudas tamén se financian, entre outros, investimentos na mellora da calidade do produto ou para incrementar o seu valor.

Axudas á investigación

O segundo informe dá conta da resolución da convocatoria de achegas para o fomento do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no sector da acuicultura, no marco da cal se aprobaron seis proxectos -todos os presentados- para investigar en distintos eidos en materia de cultivos mariños cun apoio público de preto de 900.000 euros. As seis accións están subvencionadas ao 100 % e os traballos desenvolveranse entre 2021 e 2022.

O primeiro deses proxectos está impulsado pola empresa Proameixa Fernández, S.L. que, co apoio do Clúster da Acuicultura de Galicia, tratará de establecer un procedemento para a produción de larvas de ameixa rubia e xaponesa en laboratorio para trasladalas a bateas para proceder ao seu engorde. Mentres, a patronal conserveira Anfaco-Cecopesca promove dúas iniciativas, unha co obxectivo de desenvolver metodoloxías e técnicas de cultivo de semente de mexillón (mexilla) de xeito controlado en criadeiras e outra para desenvolver metodoloxías e técnicas de cultivo de dúas variedades de algas vermellas de importancia comercial en Galicia.

Os tres últimos proxectos corresponden ao Clúster da Acuicultura de Galicia, centrados na consecución de obxectivos como o desenvolvemento dun índice sanitario para determinar o estado infeccioso no cultivo de rodaballo ante a incidencia de dous patóxenos así como establecer un posible protocolo de actuación. Outro deles aspira a reformular as vacinas orais fronte a determinadas enfermidades para que manteñan a súa integridade e efectividade no seu paso polo sistema dixestivo dos peixes (centrándose no rodaballo e na robaliza) e o último avaliará o impacto de certos elementos presentes no medio na supervivencia e crecemento da ameixa xaponesa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta segunda liña de achegas está dirixida ás empresas acuícolas ou organizacións destas situadas nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima que teñan as súas instalacións en Galicia, entre elas as relacionadas co sector do mexillón, e que fomenten unha actividade sustentable a través de proxectos de innovación desenvolvidos en colaboración con organismos científicos ou técnicos recoñecidos polo Estado ou pola comunidade autónoma de Galicia.

Con estes apoios o Executivo galego pretende apoiar proxectos que desenvolvan coñecementos técnicos, científicos ou organizativos nas explotacións acuícolas, que reduzan o impacto no medio ambiente e que impulsen un uso sustentable dos recursos na acuicultura, melloren o benestar das especies ou faciliten novos métodos de produción sustentable, entre outros aspectos. Tamén busca impulsar as iniciativas que promovan a introdución no mercado de novas especies, produtos e procesos ou sistemas de xestión e organización novos ou perfeccionados e o estudo da viabilidade técnica ou económica de produtos ou procesos innovadores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

